

A pregunta debera ser ¿Para qué os poetas hoxe?, pero o primeiro que se me ocorre é que deberíamos cambiala, ou cando menos definir ben a qué lle chamamos poeta.

Se pensamos que poeta é calquera no instante en que se demostra capaz de dirixi-la ollada cara a un acontecemento, sexa físico sexa mental, sexa sentimental, e trata ou consegue dar del unha visión, senón necesariamente inédita, sí particular, particular por propia, se isto é o que consideramos poeta, evidénciáenos que poeta somos todos, posiblemente, porque todos en maior ou menor grao, nun momento ou noutro da nosa vida, de xeito oral ou escrito, todos sentimos nalgún momento a punzada de descubrírmonos recoñecéndonos creadores da nosa propia imaxe particular dun acontecemento que nos abalou o suficiente, probablemente o corazón. Todos nos sabemos capaces de instruír, instaura-la nosa ollada nun papel con forma de palabras que habemos transmitir. Todos nos sabemos capaces de dar unha ollada única, persoal, un punto de vista inédito sobre un pensamento, un suceso, un obxecto. Logo, poetas, o que é poetas, somos todos.

Mais se ben esta é unha idea que abunda no sentir xeral, e que moitas veces cando falamos da poesía, hai alguén disposto a defender, tamén é certo que as máis das veces os defensores desta acepción da palabra poeta son precisamente non lectores, ou cando menos pouco lectores de poesía.

Porque algúns lectores de poesía esixen algo máis para a definición de poeta. Esixen que quen se defina como poeta sexa quen non só de usa-la “mirada”, chamémoslle así, non só expertizado no uso da “mirada” persoal, senón capaz de transmitila por vía léxica, e creando de cada vez un mundo, se non enteiramente novo, sorprendente, espido.

Claro que estes esixentes, por sabidos, lectores de poesía, compórtanse ás veces moi inxustamente cos pobres poetas-investigadores-da-ollada, pídenlles manter esa mirada perante todo e en todo instante. Os poetas terían logo a obriga de recoñecer e nomear todo o que de innomeable hai nos sentidos, nos feitos, nos pensamentos.



É unha medida inxusta. Así se reparten títulos de poeta que despois se retiran a quen, precisamente por vivir en proceso de creación, un día, un ano, pare un mal libro.

En todo caso, aquí eu vou considerar que falo de poetas cando falo de alguén que, mesmo se foi digamos momentaneamente, nun só libro, tal vez nun só poema, foi capaz de suxerir en min esa “ollada” particular das cousas e cara ás cousas, dos pensamentos e cara ós pensamentos, dos efectos do mundo no que vivimos e desde os efectos do mundo no que vivimos.

Como lectora, e logo do meu propio proceso de educación poética, considero que a medida da poesía dáa o lector. E isto non quere dicir, nin por lonxe, que o poeta se mida por democracia. Explícome: Para falar de poetas hai tamén que falar de lectores de poesía. Lector de poesía non é quen merca libros de poesía e agarda atopar neles, e moitas veces atopa, pequenas narracións en verso. Lector de poesía non é o filólogo afeito a destripa-los textos e adxudicárllle-la estruturalista, funcionalista, ectétera. Lector de poesía non é quen ante un poemario busca un ritmo delicado, un sentir delicado. Non é lector de poesía quen porque vivimos fundamentalmente en zonas urbanas e recibimos unha televisión que nos afai as últimas monadas dos máis novos, agarda nun libro de poesía un léxico de moda, ou palabrería “rompedora” moderna, ou un teatriño das ocorrencias “incorrectas”, cando non infantilizadas. E mais posiblemente en todos eles hai un lector de poesía. Pero non é ningún dos modelos que amosan, que describo, o lector de poesía.

Lector de poesía, penso eu, é quen se someteu á autoaprendizaxe da convivencia cos textos, e superou a proba. A convivencia, a máis complexa das aprendizaxes entre os seres humanos. ¿Qué dicir, se por riba son papeis, sequera persoas?

É máis doado. Só hai que rozarse cos poemas, manter moito roce cos textos, e irles así depurando as ideas e maila cadencia. E hai que facelo desprexuízados, limpos, coma quen se planta nun monte a respira-lo osíxeno, sen máis aparato crítico cós pulmóns mesmos e a necesidade de aire fresco.

Por iso, porque debe ser unha necesidade, empézase por aquelas cousas que nos pillan de preto. E de meniños lense versíños rimados que nos van facendo collérllle-lo ritmo ás imaxes. E na pubertade buscámo-los “versos más tristes de esta noite” ou o que daquela considerámo-las melancolías de Bécquer ou Rosalía. E na adolescencia coqueteamos coas perversidades, asaltos á gloria ou transgresións dos simbolistas franceses, ou cos ensaios eternos dos mestres latinoamericanos.

E todo iso para nos ir formando.



Relelo todo cando pasáche-los trinta, e aínda teñen cousas que che dicir. Méteslle man a Góngora ou Quevedo e xa non quedas nas superficies dos aspaventos. Relés a Rosalía ou Pondal, e sabes ata que punto inventaron o mundo.

Ese lector de poesía é a medida do poeta. É el quen define ó poeta, e éo na medida en que cumpre o seu papel de reconstructor, recreador, ó constituirse en quen de converter en feitos os desexos do creador.

Como unha cociñeira: pode crear pratos exquisitos, mais existe só na medida dos bandullos fartos e gratos dos comensais.

Ese lector de poesía expendedor de título ten, desde logo, dereito ás eleccións, ós gustos, a privilexiar a aquel escritor co que leva unha sintonía máis aberta, co que sente máis amable a dicción das súas dores ou ledicias, nas súas ideas ou conceptualizacións do mundo, interior ou externo.

Por iso, penso eu, case nunca os máis lidos (se é que en poesía podemos falar de “máis lidos”) me cadran a min cos mellores na miña expendedoría particular de títulos de poetas. Porque na cociña da poesía os sabores, os olores, son, deben ser sempre territorios inexplorados, aínda sendo os ingredientes, as palabras, o territorio máis explorado polos seres humanos que existe no planeta enteiro. E por ser inexplorados os sabores e olores de cada novo poema, hai que presentárselles educado en poema, ben rozado de poesía, para chucharlle o máis que poida dar de si. E educarse en poesía é un esforzo. Somos pouco lectores de poesía porque somos pouco dados para o esforzo.

Claro que temos de man a autoeducación, doutra banda a única instrucción verdadeiramente cargada de futuro. E autoaprendizaxe é autogoberno, é autonomía, medica-las nosas propias receitas, marca-las nosos horarios aleatorios de lectura. Pero é, sí que é, un esforzo. O propio esforzo.

E se digo esforzo, ¿como vou retomar agora o título desta parolada?

Diciamos ¿Para qué os poetas hoxe?, e iso entendemos todos que contén unha elisión, elidiuse o verbo porque entendemos que nos preguntamos para qué serven os poetas, ou o que é o mesmo, para qué serve a poesía. E servir ten un vencello ben directo con utilidade, e utilidade nos tempos que vivimos é sinónimo de uso rápido e de beneficios instantáneos. E ¿como convencer a alguén de que a poesía pode ser de uso rápido, instantáneo e benfeitor se comezamos por pedirlle un esforzo, autoaprendizaxe, autogoberno, persistencia? Pedir un esforzo neste tempo xa non é politicamente correcto. (Véndennolo



feito no quiosco do lado, e cun dez por cento de rebaixas se ó paso mercámo-lo xornal matinal).

En fin: manteño e garantizo que ese esforzo produce efectos benfeitores, de uso rápido e instantáneo.

A educación poética é esforzo menor para quen desde meniños se fan partícipes (vía mestres, vía familia) do ritmo combinable das palabras. Conviríalles en todo caso, mante-lo hábito, a dependencia (palabra tamén pouco politicamente correcta, dito sexa ó paso). É un esforzo maior para quen se inicie estando xa medianamente formado, é dicir levando xa moitas no lombo, pero certo e seguro se se parte dunha necesidade, aínda que falar de necesidades na sociedade da opulencia e das sobras tampouco sexa tema primado.

Pero ¿necesidade de que? Necesidade interna de se desfacer do estereotipo publicitario da vida consumible. De se desfacer del e de combatalo desde dentro. Sobrevivilo e facelo gozosamente, manterse criticamente esquivo e gozosamente estetizante. Atopa-lo ritmo cadencioso que combate o ritmo dos beneficios empresariais ou da sensación plausible de que todo é como ten que ser, como debe ser.

O de primeiras esforzo de roce coa poesía, continuo, meditado e gozado, convértese súpeto na porta ás olladas do corazón, do sentido. E quen di corazón, sentido, di eu, di persoa.

Porque a poesía é material sensible, pero non só: é tamén material altamente intelectualizado que nos pon en común co máis profundo de nós, non por se-lo máis afastado, senón por se-lo cerne de nós mesmos. E hai que xogar con forza de mineiro taladrador para acadalo e conformalo.

A poesía non pode estar de moda nunca, nunca ha ser suxeito da publicidade. A publicidade é capaz de crearnos necesidades que non sabemos, xa que non tivesemos, senón que podíamos chegar a ter, porque do seu éxito nace a nosa dependencia pagada en pesetas. E un poema non é suxeito declarable en moeda, porque un bo poema é un pasquín nas conciencias, un libelo, funciona coma un panfleto nas memorias e nas lembranzas que nos conforman a historia propia. A poesía é pasquín porque encerra tamén verdadeiras bombas de contido; o poeta, ser que como tal se sabe ás marxes da mercadotecnia, da industria do momento (en canto poeta, só, desde logo), é un dos poucos miradoiros libres que ten a sociedade (o límite márcanos os editores, verdadeiros vareadores da existencia da poesía). Un miradoiro libre desde o que a sociedade deixa unha fenda para a subversión, para a creación desde ela dun microcosmos de revolución



afectiva, porque fala directamente desde unha ollada expertizada en axexa-lo humano, e faino en pímulas de emoción e ritmo: un bo poema sempre será un bo combinado de ideoloxía e ritmo: ideoloxía que o poeta ten a obriga de captar ou estruturar, ritmo que o poeta ten a obriga de inventar. Instrumentos: ollos e palabras.

Só o día en que como persoas non nos entendamos con palabras e ademais esteamos ben conformes co mundo, con nós mesmos, cos nosos semellantes, a poesía, os poetas ¿para que? Para nada.

A min sérveme a poesía, son adicta e dependente porque necesito reencontra-lo humano todo a toda hora, por ver de me entender e entendervos, entenderme convosco. Pois se me declaro inconforme co mundo, se me declaro contradictoria e filla das miñas contraccións, se me parece insuficiente o labor das ficcións narrativas, novelescas ou filmicas para saber de min, e eu son os meus semellantes, a poesía convérteseme nunha táboa de salvación no naufraxio das razóns estrictas. Necesidade que xorde da urxencia por entende-lo humano contraposto, pero tamén, e quizais antes, do descontento coa orde establecida, calquera que sexa (para empezar, por imposta, por non decidida).

Só te sabes entender, e medianamente, coas palabras. Se non puideses escribirte nelas, falar fóra de ti con elas, ou recibir por elas o mundo interno dos demais, se as palabras fosen só as paroladas de café que todos necesitamos, ou a intelectualización feroz do filósofo que non deixa marxe ó ritmo da cantiga interna, ¿como goza-lo coñecemento das dúbidas? Porque tódalas dúbidas doen... E as certezas, simplemente, non existen.

Cito a Ferrín, que sempre é unha garantía: “Veleiquí o río de nós que compara/ rumor e delicia fervente coa caducidade/ e as tonas máis esgrevias dos derradeiros días. / Veleiquí o que é semellante ao lume e é humor, / e , contentándose coa abolición da gramática, / renace en cántiga repetida desde o principio dos / líquidos”.

El falaba de amor. A min sérveme agora para falar de poesía, porque é o único territorio humano verdadeiramente libre que coñezo. Créase cando se escribe e créase cando se le, e crear é inventa-lo mundo e mailas marxes do mundo, ¿pódese ter un poder máis grande?: organiza-lo mundo, marca-las propias marxes, ou abatelas, desde a exploración de cadaquén. Se a poesía vale todo iso, ¿a que vén preguntármono-lo para qué da poesía ou os poetas?